

## Concello de Viveiro

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 25 DE SETEMBRO DE 2024.

#### ASISTENTES:

##### ALCALDESA-PRESIDENTA

D<sup>a</sup> MARÍA LOUREIRO GARCÍA

##### CONCELLEIROS

D. Jesús Fernández Fernández, D<sup>a</sup> Lara Fernández Fernández Noriega, D<sup>a</sup> Catalina Fernández Méndez, D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, D<sup>a</sup> Iria Cotelo Cociña, D. Juan Ramón Martínez Castro, D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, D. Martín Vale Cobo, D. Domingo González López, D. Pablo Varela Sánchez, D<sup>a</sup> Saray Ventura Fernández, D. Vicente Vázquez Chao, D<sup>a</sup> Erea Rivera Vázquez, D. Bernardo Fraga Galdo e D. Manuel Galdo Dopico.

##### SECRETARIA XERAL

D<sup>a</sup>. Mari Luz Balsa Rábade.

##### INTERVENTORA MUNICIPAL

D<sup>a</sup>. María Rosa Abelleira Fernández

No salón de Sesións, sendo as 19:30 horas do día 25 de setembro de 2024, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico o acto. Por motivos técnicos para a gravación da presente sesión plenaria, demorase o acto de inicio ata a conexión por parte de todos os equipos dos membros asistentes.

Asiste ao pleno a Interventora Municipal.

Comprobado pola Secretaria a existencia de quórum necesario, declárase aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

### ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN PLENARIA

#### ORDE DO DÍA

#### 1ª PARTE

##### PARTE RESOLUTIVA

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN 4 DE SETEMBRO DE 2024.
- 2.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRA POR PARTE DE D<sup>a</sup> ANDREA RÍOS RODRÍGUEZ.
- 3.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2023. (EXPTE.- 5280/2024)
- 4.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO E MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO. (EXPTE.-5411/2024)
- 5.- MODIFICACIÓN ORZAMENTO RELATIVA AO ANEXO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS 2024 (EXPTE.-6258/2024)



## Concello de Viveiro

---

**6.- APROBACIÓN DA SINATURA DE CONVENIO CON LUGOMADERA DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL DA ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DOS VIAIS MUNICIPAIS DERIVADA DOS APROVEITAMENTOS FORESTAIS (EXPTE.- 3835/2020)**

**2ª PARTE:**  
**PARTE DECLARATIVA**

**1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA IMPULSAR A CELEBRACIÓN DUN FORO ECONÓMICO EN VIVEIRO**

**3ª PARTE:**  
**PARTE DE CONTROL**

**1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

**2.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**1ª PARTE**

**PARTE RESOLUTIVA**

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DE DATA 4 DE SETEMBRO DE 2024.**

Non existindo obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 04/09/2024.

**2.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRA POR PARTE DE Dª ANDREA RÍOS RODRÍGUEZ.**

Intervén a Sra. Alcaldesa sinalando que foi recibida a correspondente credencial da Xunta Electoral Central de Dª Andrea Ríos Rodríguez, presentando a documentación necesaria previa para poder tomar posesión do seu cargo de concelleira pola formación política “PSOE”.

A continuación pasa a plantexarlle a correspondente pregunta para o xuramento ou promesa do cargo, para a súa toma de posesión segundo o establecido no artigo 108.8 da LOREG, coa fórmula prevista no artigo 1 do Real Decreto 707/1979.

“Dª Andrea Ríos Rodríguez, ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealtade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?”.

Contesta a esta pregunta Dª Andrea Ríos Rodríguez, mediante a fórmula de promesa.

**3.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2023. (EXPTE.- 5280/2024)**

Visto o expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral do exercizo 2023.

Vistos os informes obrantes no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Especial de Contas.

Vista a proposta da Alcaldía obrante no expediente para a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2023.



## Concello de Viveiro

---

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcadesa para dar a palabra ao Concelleiro de Facenda.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, explicando e resumindo os datos recollidos na conta xeral. Aclara que se cumpren os obxectivos orzamentarios e as normas procedimentais e prazos para a súa aprobación.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, sinalando que non van realizar comentarios ao respecto deste punto.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalando a súa postura a favor da aprobación.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, dando a benvida á nova concelleira e comentando que se van abster na votación.

Non existindo debate procédese á votación, acordándose con 8 votos a favor, correspondentes aos concelleiros dos grupos do PSOE e BNG e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros do PP e Por Viveiro, a aprobación da conta xeral do exercicio 2023.

#### **4.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO E MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO. (EXPTE.-5411/2024)**

Vista a documentación e informes obrantes no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Vista a proposta da alcaldía que se transcribe a continuación:

**“Asunto: Recoñecemento extraxudicial de crédito no 2024 de obrigas adquiridas no 2023 facturadas no 2024. Modificación do Orzamento, vía Suplemento de Crédito, por importe de 125.275,71 €.**

*Logo de ver informe de intervención en relación con gastos do exercicio 2023 facturados no 2024, conformadas ou informados favorablemente, sen consignación orzamentaria no ano de orixe, constan na conta 413 “Acredores por operacións devengadas”, constan de expedientes individuais, son gastos sen contrato previo ou fora de contrato, ben por exceso ou por finalización do prazo, existe informe de necesidade polo órgano de contratación, consta memoria xustificativa do gasto e tratase de imputalas ao orzamento do exercicio 2024, previa dotación de consignación suficiente e dando por resolto os reparos suspensivos e acordar a continuidade da tramitación dos expedientes de omisión da fiscalización de intervención, non acudindo a revisión de oficio, a fin de que se recoñeza e pague a cantidade reclamada.*

*Polo exposto, e resultando que do expediente se desprende:*

*Que se precisa da existencia de crédito suficiente nas aplicacións presupostarias do Presuposto vixente, as que se imputa o gasto.*

*Que se encontra acreditada a realización do servizo/subministro e o importe do prezo aplicado e facturado.*

*Que os prezos aplicados axústanse ao mercado.*

*Considerando que pola parte xestora do gasto informase favorablemente o servizo/subministro realizado, o gasto derivado da prestación e as facturas que os contemplan.*



## Concello de Viveiro

Visto que pola Intervención emítese informe de reparo de legalidade/omisión de fiscalización e sobre a procedencia do recoñecemento extraxudicial dos créditos.

Visto o disposto na Base 23ª de execución do presuposto, onde se establece o procedemento e documentación para a tramitación dun recoñecemento extraxudicial de crédito e de omisión da función interventora.

Considerando que o expediente sigue a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo su aprobación polo Pleno.

Propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento 2024, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

### Suplemento de Crédito:

Aplicacións orzamentarias			Importe
1621	22799	Outros traballos realizados outras empres prof. Recollida lixo	31.518,70 €
1720	22799	Outros traballos realizados outras empres prof.Praias	46.778,60 €
1350	214	Elementos de transporte. Protección civil	3.944,60 €
1500	623	Maquinaria, inst. e utillaxe. Obras	883,30 €
3231	22699	Outros gastos diversos. Colexios	1.000,49 €
3380	22609	Actividades culturais e deportivas. Festas populares	6.600,00 €
3340	22609	Actividades culturais e deportivas. Promoción cultural	9.087,00 €
3340	22699	Outros gastos diversos. Promoción cultural	4.374,15 €
3380	22699	Actividades culturais e deportivas. Festas populares.	10.285,00 €
3400	22699	Actividades culturais e deportivas. Deportes	10.803,87 €
<b>Total</b>			<b>125.275,71 €</b>

### Financiamento:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
420.00	Participación nos Tributos do Estado	<b>125.275,71 €</b>

**SEGUNDO.** - Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**TERCEIRO.** – Dar por resolto os reparos suspensivos e acordar a continuidade da tramitación dos expedientes de omisións de fiscalización de intervención, non acudindo a revisión de oficio, a fin de que se recoñeza e pague a cantidade reclamada, atendendo o criterio do órgano de control e aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito (fases ADO) dos expedientes individuais que constan no expediente, polo importe de 125.275,71 euros, condicionado á aprobación definitiva da modificación de crédito do vixente orzamento 2024, vía suplemento de crédito, do punto anterior.

**CUARTO.** – Ordenar o pago das obrigacións recoñecidas.

**QUINTO.** - Dar conta a Intervención e a Tesourería, a fin de que se de cumprimento ao ordenado.”

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcadesa dandolle a palabra ao concelleiro de Facenda.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, informando que se traen a pleno 16 facturas por importe de 125.275,71 €, resumindo os distintos conceptos das facturas e os



## Concello de Viveiro

---

importes. Recorda que por terceira vez tráese un recoñecemento extraxudicial de crédito ao pleno no 2024 de obrigas do ano 2023, aclarando que foi un ano atípico no que houbo gastos necesarios e imprescindibles. Informa que non se puideron meter estas facturas nos orzamentos do ano 2024 pero agora si que se poden tramitar con cargo á liquidación que fixo o Estado do ano 2022.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal Partido Popular de Viveiro, recordando que se está ante o terceiro recoñecemento de crédito que se trae con unha cantidade acumulada de preto de 1.000.000 €. Aclara que nun mes normal o gasto corrente do concello é de 600.000 € e entende que seguramente non sexa o último rec que ven a pleno, considerando que virá outro para as facturas da luz dado que o orzamento para este concepto está esgotado. Apunta que o recoñecemento extraxudicial de crédito é un procedemento excepcional para usar no caso de que a consignación orzamentaria non sexa suficiente, ou por non seguir o procedemento de contratación. Indica que neste recoñecemento hai un gasto recorrente de limpeza de praias dun importe de 47.000€ dun servizo contratado verbalmente, superando os límites que hai para adxudicar de forma directa. Tamén refire que sobre estas facturas se indicou que foran rexeitadas no 2023 por erro nos conceptos e volvéronse a rexistrar en xullo do 2024, medio ano despois. Considera que parece moi raro que haxa facturas de limpeza das praias de Covas e Area dos meses de setembro, outubro e novembro e sinala que polas explicacións que se deron na comisión informativa faille sospeitar que hai una contratación irregular e aclara que o seu grupo non vai ser cómplice desa situación. Finaliza informando que non van volver a caer na chantaxe de que se non se aproban as facturas esas empresas non van cobrar, considerando que o equipo de goberno é o responsable de todo isto.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalando a súa postura a favor.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, reprochando que é o terceiro recoñecemento de crédito que vai a pleno para pagar facturas da peor xestión económica que tivo este concello, e aparte diso alega que en calquera empresa isto suporía a dimisión ou a marcha de quen realizou a xestión, e entende que aparte dese millón de euros de recoñecemento extraxudicial, parece que no 2024 volve a lastrarse a situación, cando o importe derivado da liquidación se podería adicar a inversións e hai que adicalo a pagar estas facturas. Entende que a postura para a votación é complexa, xa que se non se aproba o recoñecemento os provedores non cobran, e considera que non teñen culpa desta xestión. Aclara que non están de acordo coa xestión pero por outra banda queren que cobren os provedores e por iso van absterse na votación. A maiores solicítalle ao PSOE a reflexión de se queren seguir xestionando este concello e prégalles que reflexionen, xa que encabezan o goberno e levan a economía do Concello. Reitera que a xestión foi nefasta a nivel económico, que non se recorda nada igual e a liña en vez de solventarse segue cara abaixo.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, informando que este ano modificouse o contrato coa empresa adxudicataria da limpeza e recollida de lixo para incluír a limpeza das praias, alegando que cando o concello tiña mais persoal a limpeza das praias facíaa os empregados do concello pero neste intre hai moi pouco persoal nas brigadas de obras e de parques e xardíns e non é viable. Matiza que aínda que a factura pon no concepto limpeza de praias en novembro, iso non quere dicir que se estivese limpando na praia como tal, na area, en novembro senón que se refire á limpeza que se fai en zonas confluíntes coa praia, fóra da area, xa que a praia limpase ata setembro e por fóra límpase durante máis tempo. Recorda que se leva moitos anos sen facerse un recoñecemento extraxudicial de crédito, recordando que o ano pasado houbo un de 20.000 € e este ano levan 3, alegando que foi un ano convulso polo tema da luz que incrementou o custo case en 500.000€. Entende que hai que asumir as responsabilidades pero considera que o ano pasado se estaba co orzamento prorrogado do 2022 e os prezos cambiaron moito. Puntualiza que se trata de facer as cousas mellor pero engade que ao ter que sacar todo a contratación a veces é imposible ter todos os contratos ao día en vigor. Reitera que foron servizos e subministracións necesarias e algún deles imprescindibles.



## Concello de Viveiro

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, facendo unha matización, sinalando que por unha parte entende que a limpeza de praias é un acto recorrente, aínda así parécelles raro a limpeza a finais de ano nesas zonas e solicita ter información ao respecto. Engade que cando é práctica habitual que aquelas facturas que fan referencia a áreas do BNG, polo xeral nesas expedientes é o BNG quen fai as súas memorias xustificativas e o PSOE as súas, pero pola contra, no caso da limpeza de praias, sendo un ámbito do BNG, foi a alcaldesa a que asinou o informe desa memoria, recordando que é nesa memoria onde se fai referencia a que o contrato é verbal e gustaríalle que a concelleira do BNG lle dera resposta de porque esa memoria a asinou neste caso a Sra. Alcaldesa.

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que vai dar resposta o concelleiro de facenda.

D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifesta que non ten nada máis que engadir.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, aludindo ao que di o concelleiro de facenda de que son gastos imprescindibles, entendendo que algúns poden selo pero sobre outros considera que debería valorarse primeiro se se dispón de consignación para facelos. Cita ao respecto que considera que antes de aloxar a 90 persoas con un custo de 10.800 € habería que pensar se se pode facer, entendendo que está ben que haxa eventos deportivos pero habería que ver se hai cartos para esa actividade. Di que hai cousas que son imprescindibles pero outras ao mellor non o son tanto.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, matizando porque se asinou pola Sra Alcaldesa e non pola Concelleira de obras o informe referido polo grupo do PP, informando que o contrato empezouse en xuño de 2023 e o goberno formouse o 31 de xullo e o 14 de agosto rematouse de formalizar, entón, ata o 1 de setembro non empezou a dinámica e quen propuxera o servizo con anterioridade fora o PSOE.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta, con 8 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE e BNG, 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo PP e 2 abstencións correspondentes aos concelleiros de Por Viveiro, co seguinte contido:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento 2024, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

### Suplemento de Crédito:

Aplicacións orzamentarias			Importe
1621	22799	Outros traballos realizados outras empres prof. Recollida lixo	31.518,70 €
1720	22799	Outros traballos realizados outras empres prof.Praias	46.778,60 €
1350	214	Elementos de transporte. Protección civil	3.944,60 €
1500	623	Maquinaria, inst. e utillaxe. Obras	883,30 €
3231	22699	Outros gastos diversos. Colexios	1.000,49 €
3380	22609	Actividades culturais e deportivas. Festas populares	6.600,00 €
3340	22609	Actividades culturais e deportivas. Promoción cultural	9.087,00 €
3340	22699	Outros gastos diversos. Promoción cultural	4.374,15 €
3380	22699	Actividades culturais e deportivas. Festas populares.	10.285,00 €
3400	22699	Actividades culturais e deportivas. Deportes	10.803,87 €
Total			125.275,71 €

### Financiamento:



## Concello de Viveiro

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
Ingresos		
420.00	Participación nos Tributos do Estado	<b>125.275,71 €</b>

**SEGUNDO.** - Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**TERCEIRO.** – Dar por resolto os reparos suspensivos e acordar a continuidade da tramitación dos expedientes de omisións de fiscalización de intervención, non acudindo a revisión de oficio, a fin de que se recoñeza e pague a cantidade reclamada, atendendo o criterio do órgano de control e aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito (fases ADO) dos expedientes individuais que constan no expediente, polo importe de 125.275,71 euros, condicionado á aprobación definitiva da modificación de crédito do vixente orzamento 2024, vía suplemento de crédito, do punto anterior.

**CUARTO.** –Ordenar o pago das obrigacións recoñecidas.

**QUINTO.** - Dar conta a Intervención e a Tesourería, a fin de que se de cumprimento ao ordenado.

### 5.- MODIFICACIÓN ORZAMENTO RELATIVA AO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS 2024 (EXPTE.-6258/2024)

Vista a documentación e informes obrantes no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Vista a proposta da alcaldía que se transcribe a continuación:

#### “ANTECEDENTES

*Que detectada a existencia dun erro no orzamento 2024 no anexo de subvencións nominativas, xa que propúxose como subvención nominativa ao CLUB DE TIRO SAN ROQUE en concepto de gastos tempada 2023/2024 con cargo á aplicación orzamentaria 3400.48910 o importe de 1000€ euros cando a cantidade sería 3000 €.*

*Polo que propónse para aprobación polo Pleno:*

*1. Aprobar inicialmente a modificación do orzamento 2024 relativa anexo de subvención nominativas, de maneira que á cantidade destinada en concepto de subvención nominativa á asociación de tiro ao plato San Roque sexa por importe de 3000€.*

*2.Expoñer ó público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha, en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.”*

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:



## Concello de Viveiro

Intervén a Sra. Alcaldesa explicando porque se chega a esta modificación orzamentaria, informando que cando se aprobaron os orzamento houbo un erro ao respecto da subvención nominativa contemplada a favor do Clube de Tiro, polo que detectado ese erro a maneira de rectificalo é levar ao pleno esta modificación e así que ese clube tamén poida cobrar a subvención como o resto.

Non existindo debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta obrante no expediente, co seguinte contido:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación do orzamento 2024 relativa anexo de subvención nominativas, de maneira que á cantidade destinada en concepto de subvención nominativa á asociación de tiro ao plato San Roque sexa por importe de 3000€.

**Segundo.-** Expoñer ó público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha, en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Neste intre ausentase do pleno a Sra. Interventora.

### **6.- APROBACIÓN DA SINATURA DE CONVENIO CON LUGOMADERA DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL DA ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DOS VIAIS MUNICIPAIS DERIVADA DOS APROVEITAMENTOS FORESTAIS (EXPTE.-3835/2020)**

Visto o informe de Secretaria que consta no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Infraestruturas e obras no medio rural, medio ambiente e medio rural .

Vista a proposta da alcaldía que se transcribe a continuación:

“Visto que en data 23 de agosto de 2024 publicouse no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro da “Ordenanza reguladora do uso común especial dos viais municipais derivada dos aproveitamentos forestais”.

Visto o disposto na Disposición Adicional da referida Ordenanza.

Visto o modelo de convenio obrante no expediente a asinar con Lugomadera.

Visto que consta no expediente informe da Secretaria Municipal.

**PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a sinatura do convenio entre o Concello de Viveiro e Lugomadera, co contido da proposta obrante no expediente, e que se transcribe a continuación:

*CONVENIO ENTRE EL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE VIVEIRO Y LA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA 1ª TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA DE LUGO, (LUGOMADERA), SOBRE LA COMUNICACIÓN DIGITAL Y LOCALIZACIÓN DE APROVECHAMIENTOS MADEREROS Y ACTIVIDAD FORESTAL QUE AFECTA AL AYUNTAMIENTO DE VIVEIRO.*

*En el Ayuntamiento de Viveiro, a 26 de septiembre de 2023.*

*De una parte D<sup>a</sup>. María Loureiro García, titular del DNI nº 33997309C Alcaldesa- Presidenta del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro, asistido de la Secretaria del Ayuntamiento, Dña. Mari Luz Balsa Rábade, con DNI 33537993Z, para dar fe del acto.*





## Concello de Viveiro

De otra, DON DANIEL DIAZ RAMOS, titular del DNI nº 77.592.011-Q, en representación de LUGOMADERA

### INTERVIENEN

El primero en nombre y representación del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro, de conformidad con las facultades previstas en el artículo 21.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, y de conformidad con lo acordado por el Pleno de la Corporación en fecha 25 de septiembre de 2024.

El segundo en calidad de Presidente de la Asociación de Empresarios de la 1ª Transformación de la Madera de Lugo (Lugomadera), expresamente facultado para representar a la señalada Asociación, al ostentar el cargo según consta en acta de elección de Presidente, acreditativa de la celebración de la Asamblea Electoral de fecha 25 de Octubre de 2019, con CIF nº G 27 030 915.

Ambos comparecientes, en la calidad en que intervienen, se reconocen mutuamente la capacidad legal para otorgar el presente.

### CONVENIO ANTECEDENTES

Que es intención de los comparecientes regular EL BUEN USO DE LOS SERVICIOS Y ACCESOS DE TITULARIDAD DEL AYUNTAMIENTO VIVEIRO EN EL PROCESO DE LOS APROVECHAMIENTOS FORESTALES DEL MONTE, GARANTIZANDO SU CONSERVACIÓN Y FACILITANDO LA COMUNICACIÓN DIGITAL Y EN TIEMPO REAL DEL DESARROLLO DE LA ACTIVIDAD FORESTAL EN SU ÁMBITO GEOGRÁFICO.

Por su parte, el Pleno del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro, en sesión celebrada el día 25 de septiembre de 2024, adoptó de acuerdo de aprobación del presente convenio, con base en lo dispuesto en la Disposición Adicional de la "ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DOS VIAIS MUNICIPAIS DERIVADA DOS APROVEITAMENTOS FORESTAIS", publicada en el Boletín Oficial de la Provincia en fecha 23 de agosto de 2024.

### JUSTIFICACIÓN TÉCNICA Y JURÍDICA

Con la firma del presente Convenio se pretende la preservación del medio ambiente y la explotación racional de los recursos, así como la incorporación de la digitalización en los procesos productivos y de comunicación entre empresas y Administración.

El presente convenio no se encuentra dentro de ámbito de aplicación de la legislación de contratación pública del Estado, pero sí dentro de la Ley 7/1985, Reguladora de las Bases de del Régimen Local y del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las Disposiciones Legales vigentes en materia de Régimen Local, cuyo artículo 111 determina que las Entidades Locales podrá concertar los contratos, pactos o condiciones que tengan por conveniente siempre que no sean contrarios al interés público, al Ordenamiento Jurídico o a los principios de la buena administración, y deberán cumplirlos a tenor de los mismos, sin perjuicio de las prerrogativas establecidas en su caso, a favor de dichas entidades, así como en los artículos 47 y siguientes de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.

### CLÁUSULAS

Primera.- El convenio, de naturaleza administrativo, se suscribe con carácter individual entre el AYUNTAMIENTO DE VIVEIRO y LUGOMADERA.

Segunda.- El Ayuntamiento, a través de la FEGAMP, se habilitará en la plataforma Corweb-Concellos de la DX de Ordenación y Producción Forestal de la Consellería de Medio Rural, con el objetivo de conocer en tiempo real los aprovechamientos madereros autorizados en su territorio. A través de esta plataforma el ayuntamiento dispondrá de los siguientes datos:

- Empresa maderera solicitante del aprovechamiento: nombre y CIF
- Referencias catastral autorizadas
- Volumen de madera autorizado por cada referencia catastral
- Fecha de inicio y fin de la autorización del aprovechamiento

Tercera.- La ASOCIACIÓN se compromete a promover y a procurar entre sus asociados que éstos cumplan con su obligación de transmitir de manera digital y en tiempo real su actividad dentro del ayuntamiento (inicio y fin) y en reparar los daños que efectivamente causen, y que así resulte probado, en sus actuaciones en el monte, PARA LO CUAL SE PROCEDERÁ A DETERMINAR UN PROTOCOLO DE ACTUACIONES QUE SERÁN LAS SIGUIENTES:

A.- La empresa forestal –de cualquier naturaleza y que realicen actividades forestales, tales como



## Concello de Viveiro

aprovechamientos madereros, recogida de biomasa-, sin perjuicio de la solicitud de inscripción en el registro municipal prevista en el artículo 4 de la Ordenanza municipal, que se realizará por una única vez, realizará un registro en la PLATAFORMA WEB NOTIFOR aportando, por una única vez, la siguiente documentación:

- DNI representante legal
- CIF de la entidad, de ser el caso
- Escritura de la sociedad, de ser el caso
- Copia Póliza de Responsabilidad Civil y último justificante bancario del pago de la misma (se renovará a la fecha de su caducidad)
- Copia del certificado de pertenecer a la Asociación (se renovará a la fecha de su caducidad)

B.- La empresa forestal en el momento de iniciar el aprovechamiento, es decir en el momento en que incorpore sus equipos de trabajo a la parcela, notificará a través de NOTIFOR al Ayuntamiento el inicio de la actividad, incluyendo todos los datos de geolocalización de la parcela a aprovechar (referencia catastral), así como fotografías del estado de la vía/vías a utilizar y punto de acopio de la madera objeto de corta. (En caso de no aportar fotografías, se entiende que la vía a utilizar está en perfecto estado). Se deberá aportar así mismo la documentación establecida en el artículo 5 de la Ordenanza municipal.

B.- El ayuntamiento, una vez concedido el permiso de acceso a la PLATAFORMA WEB NOTIFOR, visualizará en tiempo real, los aprovechamientos de cada empresa, con la correspondiente ubicación, y cambiando de estado según esté iniciado el aprovechamiento, finalizado o con incidencias. Esta información será visible cartográficamente o en tabla de datos exportable.

Con la participación activa y máxima colaboración de la empresa asociada, el Concello podrá comprobar, el buen uso de los servicios municipales.

C.- Una vez terminado el aprovechamiento, y comunicado el Fin de la Actividad a través de NOTIFOR, el ayuntamiento tendrá un plazo de 15 días hábiles, para poder comprobar el estado de los caminos y servicios. Si su estado es el normal correspondiente al uso en una actividad productiva agro-forestal, se procederá a dar por terminado el expediente, no siendo perceptiva reclamación alguna a la empresa transcurrido este plazo sin notificación alguna por parte del Ayuntamiento.

D.- Si se han producido daños directamente imputables a la empresa asociada, en los bienes del ayuntamiento, ésta procederá a su reparación en cuanto las condiciones climatológicas lo permitan, informando de la fecha aproximada para su intervención. Resultará de aplicación lo dispuesto en el artículo 6 de la Ordenanza municipal.

La Asociación se compromete frente al Ayuntamiento a realizar cuantas actuaciones e intervenciones sean necesarias para que sus asociados realicen buenas prácticas de intervención en el monte, y reparen los daños causados, que le sean directamente imputables, así como la comunicación en tiempo real del inicio y fin de la actividad forestal en cada ayuntamiento; así como al cumplimiento de la Ordenanza Municipal aprobada.

La Asociación se compromete a impartir formación e información necesaria a los técnicos de los Ayuntamientos para la gestión y uso de estas herramientas, así como soporte para la resolución de incidencias.

Cuarta.- Se establecerá una comisión mixta entre, Ayuntamiento, y ASOCIACIÓN para analizar la situación del sector en cada momento y resolver posibles conflictos que se planteen, promoviendo la responsabilidad de los asociados y la ejecución de la reparación de las obras. También servirá para establecer acuerdos para el buen desarrollo de la actividad Forestal en el Ayuntamiento.

Quinta.- El Ayuntamiento y Lugomadera se compromete a dar publicidad de este acuerdo, así como de la preferencia de comunicación de la actividad forestal a través de NOTIFOR, publicitando la misma en la web y RRSS de ambas entidades.

Sexta.- La vigencia del presente convenio, será de UN AÑO, manteniendo la vigencia hasta CUATRO AÑOS, si una parte no lo denuncia. Finalizados los cuatro años podrá ser objeto de prórroga hasta un máximo de cuatro años adicionales.

**Segundo.-** Facultar á Sra. Alcadesa para a realización de todos os trámites precisos para levar a efecto o acordado no punto anteriores, así como para levar a efecto a aprobación, no seu caso, de futuras prórrogas."

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no



## Concello de Viveiro

---

expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa dandolle a palabra á concelleira de Medio ambiente.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Concelleira de Medio Ambiente, recordando que en xuño aprobouse a ordenanza da madeira, e dende xuño ata agora pasaron os prazos para que estea aprobada definitivamente e preveuse a sinatura deste convenio coa asociación Lugomadera que representa case o total do sector forestal da provincia de Lugo, matizando que a sinatura non exime de cumprir coa ordenanza, pero sí vai mellorar a xestión e dar facilidades. Pasa a explicar as características da aplicación que usan, chamada Notifor a cal aporta fotografías a través da ferramenta e facilita a xestión administrativa ao concello e aos usuarios. Matiza que as empresas que non estean adheridas a esta asociación teñen á súa disposición os formularios e información na sede electrónica do Concello para que comuniquen a súa actividade con normalidade. Comenta que o convenio di nun parágrafo que a asociación se compromete a mediar e garantir que as explotacións se realicen de forma axeitada e deste xeito hai un terceiro ente velando polo cumprimento da ordenanza.

Intervén D<sup>a</sup> Erea Rivera Vázquez, en representación do Grupo Municipal Partido Popular de Viveiro, anunciando que van a votar a favor. Sinala que consideran moi necesaria a ordenanza e favorable este convenio e esperan que dea os resultados que ten que dar sobre todo no tema das infraestruturas onde é importante o control.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, anunciando o seu voto a favor. Recorda que anteriormente houbo unha ordenanza que non chegou a poñerse en práctica na totalidade e informa que hai outros concellos que asinaron xa este convenio coa asociación e considera que o maior problema se ocasiona ao carretar a madeira polas pistas, que sofren eses sobrepesos e deben quedar como estaban antes da corta. Entende que se todos poñen boa vontade vai ser mellor para ter as pistas ben conservadas.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, manifestando que van a votar a favor. Consideran que esta ordenanza mellora sensiblemente a anterior e tamén entenden que o convenio é un paso adiante. Alude a que aínda que noutros concellos sae en prensa que non vai nada ben di que neses casos hai cousas que non teñen que ver co funcionamento desta APP, por que alí concentráronse sacas de madeira polo mesmo sitio debido aos incendios, facendo referencia a Ribadeo. Entende que todo o que sexa mellorar e facer posible a convivencia do sector forestal co resto das practicas da veciñanza é moi favorable. Finaliza anunciando o seu voto a favor.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Concelleira de Medio Ambiente, anunciando que para a semana comeza a reparación dun dos viais ubicado no Real e vaise facer acorde á ordenanza que xa está en funcionamento.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta da sinatura do convenio obrante no expediente, co seguinte contido:

**Primeiro.-** Aprobar a sinatura do convenio entre o Concello de Viveiro e Lugomadera, segundo o texto recollido na proposta e obrante no expediente, transcrito anteriormente.

**Segundo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa para a realización de todos os trámites precisos para levar a efecto o acordado no punto anteriores, así como para levar a efecto a aprobación, no seu caso, de futuras prórrogas.



## Concello de Viveiro

### **2ª PARTE:** **PARTE DECLARATIVA**

#### **1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA IMPULSAR A CELEBRACIÓN DUN FORO ECONÓMICO EN VIVEIRO**

Vista a moción presentada polo grupo municipal PP que se transcribe a continuación:

*“La comarca de la Mariña está sufriendo un declive económico que afecta considerablemente a nuestro concello.*

*Empresas como ALCOA Y VESTAS han visto reducida su producción y por ello su plantilla, las conserveras ALBO y ALONSO, HIDROFERSA y la última de ellas ALCO han cerrado sus puertas, y las PYMES sufren diariamente para sacar adelante sus negocios. La hostelería y la restauración se resiente fuera de época vacacional, y el pequeño comercio compite día a día con las grandes empresas de venta on line que amenazan su futuro y desdibujan uno de los sectores tradicionales más vinculados a nuestro concello, el comercio de proximidad.*

*Viveiro ha sido siempre un referente y necesita evaluar daños, recopilar ideas y promover nuevos proyectos que inyecten energía y positividad en un concello que languidece. Nuestro grupo cree que es hora de contextualizar nuestros carencias y proponer soluciones a corto y a largo plazo para salir de este letargo.*

*Es por eso que instamos al Gobierno local a :*

*.- Promover un foro económico que determine soluciones prácticas a corto plazo que nos permitan establecer los cimientos para un futuro sostenible y confiable en nuestro concello.”*

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, dándolle a benvinda á nova concelleira e procedendo á lectura da moción presentada.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, recordando que o primeiro foro económico fíxose no 2022 a proposta do grupo de Por Viveiro que, xunto co PSOE organizaron un foro que fora bastante dinámico, atraíble e participativo, resultando un éxito. Recordando que tanto el como o concelleiro Manolo Galdo foron os fíos condutores do evento. Informa que no 2023 por diversas circunstancias non se puido realizar e mirouse de facelo bianual. Este ano ten constancia de que a concelleira Iria Cotelo está intentando lograr facelo no 2024.

Intervén D<sup>a</sup> Iria Cotelo Cociña, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dándolle a benvinda á nova concelleira e recorda que con respecto a este foro deuse resposta a Por Viveiro noutro pleno no que se dixo que se pretendía celebrar bianual e entende que non hai necesidade de que se presente outra moción, posto que se tiña pensado levalo a cabo no 2024 e aínda non rematou. Parece que o PP soamente trae a pleno mocións que foron presentadas por outros partidos, mocións para pedir subvencións, ironizando ao respecto de que parece que non se coñecía que existían as subvencións ata que chegou o PP de Viveiro. Alega que na moción pídense solucións a curto prazo e comenta que quixera saber se a Xunta ten pensado presentar por fin un plan industrial para a comarca da Mariña a curto prazo ou se ten pensado comunicar Viveiro co resto do país con estradas do século XXI e tamén a curto prazo xa que considera que iso axudaría ao desenvolvemento económico de Viveiro.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, manifestando que van votar a favor da moción e segue a súa intervención recordando que a proposta de Por Viveiro no 2021 foi recollida polo goberno do PSOE e realizouse no ano 2021. Indica que están de acordo coa exposición de motivos da moción e entende que é moi importante reunir ao



## Concello de Viveiro

---

sector empresarial do Concello para a achega de ideas e peticións, considerando que é importante escoitar a opinión de quen estivo ao fronte dunha empresa toda a vida. Recorda que naquel momento o PSOE dixo que fora unha edición exitosa, polo que considera inexplicable que nin no 22 nin no 23 se levase a cabo o foro económico, entendendo que no 22 podían xustificarse os motivos para non facerse pero no 23 entende que a explicación foi manida. Aproveita para agradecer ao PP que se preocupe por este tema xa que non é un monopolio nin patrimonio exclusivo de Por Viveiro. Recorda que é un dos puntos do acordo de Por Viveiro co goberno, hai outros 15 mais e invita ao PP a seguir traendo cousas ao pleno para ver se así entre todos tiran para adiante. Matiza que non están de acordo con que ese foro sexa bianual. En alusión á intervención da concelleira do BNG alega que o 24 non rematou pero recorda que vai comenzar outubro, polo que non queda moito tempo para poder levarse a cabo neste ano.

Intervén D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, dicindo que a idea de traer isto ao pleno é debido a que a situación do Concello non está para botar foguetes, recordando que este é un dos puntos que se levaban no acordo programático. Informa que van a reclamar todo o que se teña comprometido sexa con quen sexa. Alega que o PP trouxo moitas mocións, e recorda que dende marzo ninguén mais trae mocións entendendo que non debe de interesar impulsar algo no pobo. Sinala que en outubro levaron a pleno moción sobre a remodelación da praza de abastos ao pleno, e recoñece e quere que conste en acta que en algunhas cuestións como as subvencións dende que chegou o BNG ao goberno pídense e antes non se pedían, recordando que todas eran escusas e a día de hoxe pídense, e recalca que a intención do PP é instar a que se pidan. Engade que trouxeron a pleno tamén mocións respecto ás axudas aos clubs para incluílas na partida do orzamento e matiza que tanto o PSOE como o BNG votaron en contra; o 7 de febreiro trouxeron unha moción habilitar unha partida a través dunha transferencia de crédito para as asociacións e recorda que o PSOE e o BNG votaron en contra. Continúa sinalando que tamén trouxeron unha moción sobre os obradoiros matizando que é un dos únicos concellos da comarca que non o ten; tamén outra para rehabilitar a casa dos mestres e o PSOE e o BNG votaron en contra; outra respecto ao cumprimento da normativa que foi votada favorablemente por unanimidade e aínda se seguen cometendo os mesmos erros. Menciona tamén unha moción sobre o plan de promoción e dinamización turística aprobado por unanimidade e remata manifestando que traen cousas en positivo como tamén inverter en abastecemento de auga das parroquias, considerando que están aí para instar ao goberno para que reaccione.

Intervén D<sup>a</sup> Iria Cotelo Cociña, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aclarando que quería dicir na súa intervención anterior que non se precisa desas mocións aínda que se agradecen dado que son en positivo e puntualiza que xa están a traballar. Comenta con respecto a que o foro sexa bianual que no seu momento Vázquez Taín dixo que realizalo está ben de cando en vez pero ten que ir acompañado dun grupo de traballo no que todos os concellos da comarca estean implicados, indicando que se vai facer o porque é unha demanda de Por Viveiro no seu pacto co PSOE, e o BNG aceptou ese pacto tamén cando entrou a gobernar, polo que se levará a cabo por dúas cousas, unha por responsabilidade política e outra porque o consideran un bo pacto e están de acordo con que se faga un foro económico aínda que dende esa concellería teñen dúbidas de que sexa necesario e prioritario que se faga anualmente.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, non recordando as palabras de Vázquez Taín ás que aludiu a concelleira do BNG pero si recorda que dixo que alí saíron unha serie de propostas das eivas que ten Viveiro para desenvolverse economicamente sendo fundamentalmente as infraestruturas tanto do Estado como da Xunta de Galicia. Recorda que tamén dixo que todo o que sae do foro económico precisa logo da creación dun grupo de traballo para sacar adiante esas propostas e dá a impresión que pouco se fixo para sacar adiante esas propostas, pero non recorda que se indicase que non debía ser anual.

Intervén D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, considerando que todos están de acordo en que non pasa nada se se celebra o foro económico, independentemente de quen o propoña. Entende que é preciso polo ben do concello, e que participe todo o tecido empresarial, aludindo a que fan falla infraestruturas e recorda



## Concello de Viveiro

---

que cando se trouxo algo a favor ao respecto o seu grupo votou a favor, resaltando que o PSOE e o BNG non votaron a favor de melloras nas infraestruturas ferroviarias e tamén recorda que o PP votou a favor da VAC, considerando que todos teñen que poñer un gran de area. Puntualiza que o foro económico é un compromiso adquirido no pleno e tamén no acordo programático de Por Viveiro. Alega que no 2023 xa non se fixo e esperan empezar por algo e que no 2024 si que se faga o foro económico.

Intervén a Sra Alcaldesa matizando ao respecto á alusión realizada polo grupo do PP sobre a solicitude de subvencións parece que se quere dicir que o PSOE estivo de figurín estes anos no goberno, alegando que houbo erros e acertos. Matiza que o PSOE si que pedía subvencións e as que non se pediron foi por problemas como porque había achegas que tiña que facer o concello, ou porque se considerou tecnicamente que non procedía. Recorda que a praza levan ano e medio para solucionar problemas xa que hai que sacar todos os postos a licitación e hai risco de que algún dos que está non poida volver. Resalta que moitas das mocións que trae o PP vótase a favor das mesmas xa que se consideran que son boas pero todas van encamiñadas a realizar peticións ao concello, e di que tamén sería bo que se axudase a que dende a Xunta se colaborase, e se puidese optar a convenios extraordinarios como se asinan con outros concellos e recorda que cando se conseguen cousas son para os veciños de Viveiro. Remata recordando que os membros do PSOE tamén traballan, porque parece que se quere insinuar o contrario.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a moción, con 9 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PP e Por Viveiro e 8 abstencions correspondentes aos concelleiros do PSOE e BNG, co seguinte contido:

**Primeiro.-** Promover un foro económico que determine soluciones prácticas a corto plazo que nos permitan establecer los cimientos para un futuro sostenible y confiable en nuestro concello.

### **3ª PARTE:** **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía, incorporando ao expte do presente pleno listado das referidas resolucións.

#### **2.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 22/09/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-2947 ).**

##### ***Parque Pernas Peón***

*En el Parque Pernas Peón existe una zona bastante concurrida por los jóvenes, próxima al IES María Sarmiento y frente a los antiguos baños y zona de almacenaje, que está bastante descuidada. Los grafitis y las pintadas cubren el edificio; y las fuentes, con un aspecto poco agradable e indigno de un parque como el nuestro, una está inservible( la ornamental) y la otra padece el maltrato del tiempo y el escaso mantenimiento.*

*Es por eso que ROGAMOS:*

*Completen la actuación del Pernas Peón con la recuperación y la rehabilitación de los elementos ya existentes.*

Intervén D. Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, dando lectura ao rogo.



## Concello de Viveiro

---

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Concelleira de obras, informando que o compromiso co parque está mais que demostrado, sinalando que aparte da intervención actual estase coidando, sinalando que hai unha persoa que vai recoller papeleiras, desbrózase, fanse podas e polo tanto si está atendido. Comenta que a semana anterior limpáronse pintadas dunha fachada da parrillada, afirmando que non chegaron aínda ás pintadas das que fala o rogo pero retiráranse e con respecto ás actuacións das fontes apunta que hai que estudar ben o que se fai con elas, informando que nesta anualidade non vai ser posible reparar o que propón o rogo pero forma parte dos obxectivos a conseguir na contorna do parque.

Intervén D. Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, indicando que dende a tenencia de alcaldía informouse que unha das actuacións no parque era mellorar a accesibilidade e naturalizar o parque, reprochando que se alguén se encargou de desnaturalizalo foi a alcaldesa executando unha tala masiva e logo a explicación foi que se ía executar un proxecto adaptado aos novos tempos, matizando que dese proxecto o que se viu foi a plantación dunhas arbores, e agora o BNG promove unha enquisa para os traballos a realizar no parque, cando os traballos que se están executando xa estaban contratados un mes antes da enquisa. Rogan que priorizan e que acometan as accións pertinentes nas zonas do parque máis necesitadas.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Concelleira de obras, preguntándose que diría o PP se co vento caese unha rama dunha árbore das que tiñan perigo de caída. Considera que hai que ser responsables e ver a perspectiva dende as dúas beiras. Matiza que se fala de accesibilidade porque se vai facer mais accesible o parque, xa que a beirarrúa que se está construíndo vaino facer mais accesible, cun paso de peóns á altura do paseo, e cunha rampa para acceso aos baños, así como sinalización para as persoas invidentes. Informa que se fixo unha enquisa e se teñen en conta os datos para accións de goberno futuras, aclarando que a maioría das accións estaban recollidas na enquisa e a opinión maioritaria avalaba o que se estaba facendo. Remata indicando que son coñecedores de que faltan actuacións pero faranse cando haxa orzamentos para elas.

### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 22/09/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-2946 ).**

#### **Concilia**

*La Comunidad Autónoma de Galicia, a través del PLAN CORRESPONSABLES, subvenciona a las entidades locales para la promoción de la Igualdad y la concilia. Entendemos y esperamos que el concello haya presentado solicitud pero desconocemos cual o cuales son los proyectos subvencionables que ha priorizado.*

*Por todo ello Rogamos*

*Nos describan las acciones subvencionables a las que opta el concello de Viveiro en este procedimiento.*

Intervén D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, dando lectura ao rogo.

Intervén D<sup>a</sup> Lara Fernández Fernández-Noriega, Concelleira de Igualdade, informando que o concello presentou en tempo e forma a solicitude das subvencións, entre elas a subvención para o apoio aos CIM solicitándose o 29 de xaneiro de 2024 e concedeuse o 22 de abril do 2024 outorgando 43.497,23€ para gastos de persoal do CIM. Sinala que se solicitou tamén para a promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero, o 7 de febreiro de 2024 quedando o concello en lista de agarda e ao final non lle foi concedida ningunha cantidade para este programa. Solicitouse tamén o programa do plan de corresponsables o 7 de febreiro de 2024 para o servizo de coidados a domicilio e campamento de verán, esta subvención resolveuse o 22 de abril de 2024 e tamén neste caso Viveiro quedou en lista de agarda e ao final non lle foi concedida tampouco ningunha cantidade. Informa que de todos os xeitos o concello desenvolveu esta actuación do campamento de verán, e



## Concello de Viveiro

---

tamén informa que non houbo ningunha petición de servizo de coidados de axuda a domicilio.

Intervén D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, preguntando se non se optou ao programa de madrugadores.

Intervén D<sup>a</sup> Lara Fernández Fernández-Noriega, Concelleira de Igualdade, informando que optouse ás anteriormente referidas.

Intervén D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, sinalando que hai axudas tanto para entidades locais como para ANPAS para o tema de madrugadores e a alcaldesa esixiu que o faga educación e aclara que en todo caso sería Política Social a quen habería que dirixirse. Comenta que estas dúas axudas nin as pediu o concello nin colaborou coas ANPAS, xa que as ANPAS poden ter ata 10 puntos se o concello é colaborador e non se fixo con ningunha, entende que o concello deixou de solicitalas xa que priorizou outras axudas.

Intervén D<sup>a</sup> Lara Fernández Fernández-Noriega, Concelleira de Igualdade, matizando que no rogo solicitase saber que liñas se solicitaron e ela contestou cales foron.

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que as ANPAS solicitaron a axuda e denegóuselles.

Intervén D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, reprochando que o Concello nin as pide nin colabora.

Intervén a Sra. Alcaldesa, informando que estase axudando ás ANPAS economicamente. Coa proposta Concilia pedíronse 3 programas, e tamén informa que 3 ANPA de colexios pediron a subvención e denegóuselles e matiza que ninguén comunicou que lle fora denegada por non ser colaborador o Concello.

Intervén D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, preguntando se tampouco se pediu o programa educando en familia.

Intervén D<sup>a</sup> Lara Fernández Fernández-Noriega, Concelleira de Igualdade, informando que se priorizou.

### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 20/09/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-6038).**

#### ***Maleza contorna Igrexa de San Francisco***

*Na zona de igrexa de San Francisco colindante co Cantiño Lois Tobio a maleza invade parte das fachadas, feito que da lugar a unha imaxe de desleixo e abandono de toda contorna. Rogamos ao equipo de goberno a realización das xestións necesarias para a reparación das mencionadas deficiencias.*

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, dando lectura ao rogo.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Concelleira de obras, indicando que as xestións necesarias sería pedirlle á Igrexa que mantena en condicións apropiadas as súas instalacións, como rozar os cemiterios e limpar os adros e informa que todo iso o viña asumindo o Concello con falta de persoal, polo que se lle vai pedir á Igrexa que faga o que ten que facer.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, sinalando que no rogo non di se o ten que rozar a igrexa ou o concello. Aclara que as silvas non son de dous





## Concello de Viveiro

---

días e a imaxe é nefasta e vai a començar a ser perigoso, Invítaos a falar co clero e supón que chegarán a un acordo e entende que o que toca é limpar a maleza.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Concelleira de obras, informando que na ordenanza que acaban de aprobar ten un apartado que se refire á limpeza de solares de titularidade privada. Neste caso o titular non é o concello e entón aplicarase a ordenanza.

### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 20/09/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-6037)**

#### ***Fochancas beirarrúa Avenida de Ferrol***

*Na zona da entrada dos garaxes do edificio Ría de Viveiro, na avenida de Ferrol, a beirarrúa está moi deteriorada, como se pode ver na imaxe que se xunta, con varias fochancas e lousas rotas, fíto que pode ocasionar situacións de risco para a seguridade das persoas que transitan diariamente pola devandita beirarrúa.*

*Por todo o exposto, rogamos ao equipo de Goberno a realización das xestións necesarias para o arranxo ds mencionadas deficiencias na beirarrúa da Avenida de Ferrol.*

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, dando lectura ao rogo.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Concelleira de obras, informando que neste intre hai un albanel e hai un contrato baseado para o servizo de apoio á brigada de obras e indica que a empresa que o xestiona non dá feito e estase agardando por ela.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, indicando que os rogos son variados mes tras mes e a contestación case sempre é a mesma. Entende que leva moitos meses nun estado lamentable e preguntase se se espera a que pase algo e ó mellor haxa denuncias ao concello. Repróchalle que as contestacións de que non hai tempo, non hai persoal, non hai orzamento non lle valían a ela hai un ano.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Concelleira de obras, alegando que a resposta é a realidade do concello neste intre, recordando que o proceso de estabilización non se rematou e hai un contrato baseado no que saíu adjudicataria unha empresa que está a executar traballos pero non dá feito. Remata dicindo que a resposta é a realidade e que non obvian o problema.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, solicitando volver ao importante e prioritario na xestión dos recursos, entendendo que a xestión das prioridades falla.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Concelleira de obras, indicando que non está de acordo, xa que cos medios que hai se van atendendo as cuestións de maior prioridade, pero insiste en que non hai medios.

### **RESPOSTA ROGO ORAL DO PARTIDO POPULAR DO ANTERIOR PLENO.**

*Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, informando que o rogo ven a colación do mal uso dos colectores de lixo e suxire buscar unha forma de actuar alternativa ao quita e pon, apuntando á forma de actuar que se ten neste intre para algún tipo de establecementos como son as peixerías, suxerindo que cada establecemento teña o seu propio colector e que o quite e o lave el e así reducir os malos olores. Informa que hai unha en Covas que o fai e que funciona ben. Propoñen ao equipo de goberno que faga esa xestión para eses puntos conflictivos.*



## Concello de Viveiro

---

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Concelleira de Medio Ambiente, recordando que o rogo estaba relacionado co servizo de limpeza onde se propoñía unha alternativa ao quita e pon. A este respecto comenta que non hai un ano da posta en funcionamento deste servizo e informa que ao cumprirse o ano valorárase se funciona ou non. Indica que xa se están a facilitar contedores pequenos para uso propio a establecementos tanto de vidro como orgánicos, sinalando que as persoas encargadas de facer a campaña de orgánica visitaron todos os establecementos que podían dispoñer deses colectores para uso propio.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, matizando que eles solicitaban axuda nos puntos conflictivos, non era buscar defecto ao quita e pon, era unha achega en positivo na que se solicitaba que por exemplo ás peixerías se lles facilitasen contedores que eles puideran baldear e que teñen constancia de que en Covas unha tiña un contedor propio e non ocasionaba molestias.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Concelleira de Medio Ambiente, informando que a campaña de orgánica consistiu en accións de rúa e visitar a comercios e grandes produtores como peixeiras, froiterías, etc e o 90 % deses establecementos foron visitadas e propúxoselles proporcionarlles ese colector.

### ROGO ORAL DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Intervén D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, a colación do que comentou a Sra. Alcaldes de que había que botar unha man, considerando que si se podería facer, pero entende que hai que pedila. Informa que estivo 8 anos de xefa territorial de educación e nunca se pediu unha reunión, nin se pediron necesidades para os centros educativos e a pesar diso invertíronse 3 millóns de euros nos centro educativos de Viveiro porque ela tirou por Viveiro. Informa que está a disposición da Sra. Alcaldesa, agora é a directora Territorial do Mar e invítala a ter ao día seguinte unha reunión e conectar con quen se queira, engade que a conexión coa Xunta que solicita recíbea ao día seguinte ás 8:30 hora da mañá no seu despacho, rogándolle acuda a esa reunión á que a invita.

Intervén a Sra. Alcaldesa, entendendo que a competencia en educación é da Xunta e é quen ten que coñecer as deficiencias dos centros son os directores dos centros. Afirmo que cando foi Xefa Territorial aportou moito aos centros de Viveiro, pero agora como oposición parece que todo é criticar. Recordo que levan meses sen que os reciban por parte da Xunta, sendo iso o que hoxe bota en falta, aludindo a cuestións importantes como a VAC, Portos, etc., onde a Xunta non dá recibido ao Concello.

Intervén D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, reiterando que ao día seguinte a recibe no seu despacho e falan do que queira como Xefa Territorial do Mar. Indica que no pleno fai a súa labor como oposición rogando que en todas esas cuestións importantes para Viveiro teñan presenza todos os grupos municipais de Viveiro e se hai unha cita importante dun tema relevante roga que estean convocados todos os voceiros dos partidos de Viveiro.

Intervén a Sra. Alcaldesa, informando que xa se fixo así con reunións como a do PXOM.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 20:50 horas do día 25 de setembro de 2024, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.





# Concello de Viveiro

---

Cod. Validación: AS44QE7563DH3QLXDD2H6ECSJ  
Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 19

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

